



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Avaliación dos Procesos Cognitivo-Lingüísticos Implicados na Aprendizaxe Lecto-escritor		Código	652498049	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma					
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicoloxía				
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Esta materia pretende afondar nas relacións entre cognición, linguaxe e lectura, así como nos procesos que interveñen e o seu desenvolvemento.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
XERAIAS DA MATERIA Poden informar por escrito sobre a clasificación, a terminoloxía e a descrición das alteracións da lecto-escritura. Son capaces de recoñecer e discriminar os trastornos específicos da linguaxe escrita e as dificultades de lectura. Poden informar sobre os principios xenerais da avaliación e diagnóstico nas alteracións da lecto-escritura. Son capaces de seleccionar e aplicar as técnicas de avaliación e diagnóstico máis apropiadas para avaliar a aprendizaxe lecto-escritor. Poden describir os procesos cognitivo-lingüísticos implicados na actividade de lectura. Son capaces de realizar este tipo de avaliación no caso de nenos con deficiencia auditiva. Poden reflexionar sobre o estado do coñecemento no ámbito da avaliación da lecto-escritura, os seus problemas e perspectivas.	AP1	BP1	CP1
	AP3	BP3	CP2
	AP4	BP4	CP3
	AP5		
	AP6		
	AP7		
	AP8		

Contidos

Temas	Subtemas
1.-Cognición, linguaxe e lectura: Procesos e desenvolvemento	Procesos Desenvolvemento
2.-Modelo colaborador de avaliación da linguaxe escrita	Análise do modelo
3.-Avaliación da conciencia fonolóxica na primeira infancia	Procesos fonolóxicos
4. -Competencia lectora e zona de desenvolvemento próximo	ZDP

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	C1	3	6	9
Obradoiro	A3 A7 A8 B1 B4 C3	3	3	6
Discusión dirixida	A1 A4 A5 A6 B3 C3	6	0	6
Portafolios do alumno	A3 B3 C1 C3	1	5	6
Traballos tutelados	A3 C1	6	0	6
Proba obxectiva	A3 C1 C3	1	2	3



Sesión maxistral	A3 C2	6	0	6
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas
Obradoiro	A materia considera a realización de prácticas na aula. Estas realizaranse en formato de taller.
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso
Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicarse a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre
Proba obxectiva	Ao finalizar cada cuadrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conxuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregaráselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquelas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.
Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo. No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	As profesoras da materia guiarán aos estudantes acerca dos contidos que se deben incluír no portafolios, así como na elaboración do traballo tutelado, tratando de solventar todas as dúbidas xurdidas no proceso de elaboración dos mesmos
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A3 C2	Presentaranse os contidos de cada tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estén planificadas	10
Lecturas	C1	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas	10
Discusión dirixida	A1 A4 A5 A6 B3 C3	discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a	10
Portafolios do alumno	A3 B3 C1 C3	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso	40
Traballos tutelados	A3 C1	Os estudantes deberán realizar un traballo académico relacionado cos contidos coa finalidade de valorar á adquisición das competencias fixadas na materia	10
Proba obxectiva	A3 C1 C3	Os estudantes realizarán unha proba obxectiva ao finalizar o cuatrimestre, na que deberán responder a un máximo de 10 preguntas con tres alternativas de resposta, donde só unha é correcta	20

Observacións avaliación
<p>A avaliación será continua e incluírá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	BRADY, S.A. y SHANKWEILER, D.P. (1991) Phonological Processes in Literacy. LEA -BRAVO VALDIVIESO, L. (2004) La conciencia fonológica como una posible ?zona de desarrollo próximo? para el aprendizaje de la lectura inicial. Revista Latinoamericana de Psicología, 36, 21-32 -CRUZ, A. (2001) El TEL y la dislexia ¿una relación causa-efecto? En E. Mendoza (coord.): Trastorno específico del lenguaje. Madrid: Pirámide -DEFIOR, S. y SERRANO, F.(2011) La conciencia fonémica, aliada de la adquisición del lenguaje. Rev. de Logopedia, Foniatría y Audiología, 31, (1):2-13 -FERNÁNDEZ, M.L., PERALBO, M., MAYOR, M.A., ZUBIAUZ, B., y TUÑAS, A. (2008) Efectos del Sistema de Reconocimiento de Voz en los inicios del aprendizaje de la lectura Estudios de desarrollo del lenguaje y educación, 32, 349-356 . Aula Abierta: Universidad de Oviedo ICE
Bibliografía complementaria	-SELLES,P.(2006) Estado actual de la evaluación de los predictores y las habilidades relacionadas

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías